



Aliad *Ultreia*

MEMORIA 2025



INDICE

A NOSA HISTORIA	4
MISIÓN	5
VISIÓN.....	5
VALORES	6
EQUIPA	7
NÓS EN 2025	8
TRABALLO EN REDE	9
PERTENZA A REDES.....	9
ENTIDADES COLABORADORAS	9
ENTIDADES FINANCIADORAS	10
PROGRAMA SENLLEIRAS	13
PROGRAMA DONAS.....	14
PROGRAMA TECENDO FUTURO	15
TALLERES SANITARIOS E INFORMACIÓN SOBRE VIH PARA MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL E MULLERES QUE EXERCEN A PROSTITUCIÓN	16
CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL OU QUE SE ATOPEN EN RISCO DE SELO	17
PROXECTO COMPROMETIDAS - APOIO ÁS VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL.....	18

PROGRAMA DE DETECCIÓN E RESTABLECEMENTO DE MULLERES PROSTITUÍDAS, VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL CON PROBLEMÁTICAS DE SAÚDE MENTAL E/OU ADICCIÓN.	19
PROGRAMA DE DETECCIÓN E RESTABLECEMENTO DE MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL.	21
PROGRAMA BRAVAS	24
ATENCIÓN A PERSOAS RECLUSAS E EX-RECLUSAS	25
PROGRAMA PREPARADOS, LISTOS, XA!	26
PROGRAMA PASO A PASO	27
PROGRAMA DE PREPARACIÓN Á LIBERDADE	28
PLAN DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL EN PRISIÓN	29
PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL	32
PROGRAMA CONTIGO	33
SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA POLÍTICA	34
ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN	35
AS NOSAS REDES SOCIAIS	39
INICIATIVAS DE VOLUNTARIADO	41
CUOTA PERSOAS SOCIAIS	43
AS CONTAS CLARAS	44

A NOSA HISTORIA



Aliad Ultreia ten as súas orixes na asociación ALIAD (**Asociación Luguesa de Información e Axuda ao Drogodependente**), fundada en **1984** na cidade de Lugo e posta en marcha por profesionais de diferentes ámbitos (medicina, psicoloxía, profesorado...) coa intención de informar á sociedade da gravidade do problema das **drogodependencias** e atender o conxunto de necesidades que este xera. Nun principio, o seu ámbito de actuación era a prevención e tratamento de drogodependentes, pero ALIAD pronto se especializaría na area de incorporación social.

A actividade de ALIAD esténdese ao pouco tempo ao interior dos centros penais da provincia de Lugo para abordar problemáticas derivadas do **consumo de drogas** e a estadía na **prisión**. Este programa desenvólvese na actualidade dentro e fóra dos centros penais cun enfoque máis amplo e unha atención máis integral.

En **2006**, a Xunta de Galicia declarou a Aliad **entidade de interese Galego en materia de drogodependencias** (Orde do 19 de setembro de 2006, publicada no DOGA do 6 de outubro de 2006).

No ano **2010**, a asociación modifica o seu nome para pasar a denominarse Aliad Ultreia, debido á ampliación do seu ámbito de actuación debido á identificación de novas realidades sociais que era preciso abordar como son **as violencias de xénero**, incluída a **trata e explotación sexual**.

En **2014**, Aliad Ultreia obtén a **declaración de utilidade pública** acolléndose a lei 49/2002.

MISIÓN

Aliad Ulteira somos unha asociación de **Lugo** que traballa na mellora das condicións de vida de persoas con problemas de **adiccións**, **persoas reclusas e ex-reclusas** e mulleres vítimas das diferentes formas de **violencia de xénero** -entre elas a **prostitución**- e as súas fillas e fillos.

Dende unha abordaxe interdisciplinar, traballamos tanto no acompañamento integral á persoa como na transformación de contextos e na promoción do cambio social.

VISIÓN

Queremos que a nosa forma de traballo fale por nós, e ser un referente na atención a estes colectivos dende un enfoque de acompañamento sensible á individualidade da persoa, baseado na confianza, no coidado e no respecto aos seus tempos e proxecto de vida.

Ademais, buscamos que nos caracterice a nosa **mirada crítica**, ser unha asociación dinámica en aprendizaxe permanente, quen de xerar enfoques e propostas **transformadoras**, esixente con nós mesmas e coa labor das administracións públicas.

Para elo, proxectámonos como unha entidade honesta, coherente cos principios que defende, que coida da súa equipa profesional, das persoas socias e do voluntariado, enfatizando a nosa dimensión asociativa.

Queremos ser un espazo de **participación cidadá**, de **educación**, **sensibilización social** e **traballo en rede**, todo elo coa mirada posta no horizonte social que nos move: unha **sociedade xusta e igualitaria**, **garante de dereitos e centrada no coidado da vida**.

VALORES



EQUIPA

Aliad Ulteira ten como órgano de goberno a Asemblea Xeral que está integrada por todas as persoas socias.

A xestión e representación da entidade recae na Xunta Directiva, cuxos membros no 2025 foron:

Presidente: María Barba Núñez

Tesoureira: Jennifer Santín Vivero

Vicepresidenta: Margarita Pardo de Vera Posada.

Secretaria: María Gloria Pernas Teijeiro

Vogal: Manuel Varela Veiga



A entidade conta cunha equipa profesional cualificada e con ampla experiencia nos diferentes ámbitos de traballo. Contamos con 12 persoas (10 mulleres e 1 home) contratadas e un avogado por conta allea.

ONDE ESTAMOS



Aliad Ultraia dispón de instalacións propias situadas na **rúa Milagrosa nº 99-101**, na cidade de Lugo.

Aquí atópanse as oficinas, despachos, sala de xuntas, aula de formación e informática así como un apartamento totalmente equipado para o desfrute de permisos penais.

Tamén podes atoparnos en redes



NÓS EN 2025




**1249 PERSOAS
EN ATENCIÓN
DIRECTA**



**69 PERSOAS
SOCIAS**



**30 PERSOAS
VOLUNTARIAS**



**19 PROGRAMAS E
PROXECTOS REALIZADOS**



**CONTANDO CON
534.196,29 EUROS
DE INGRESOS**

TRABALLO EN REDE

PERTENZA A REDES



Rede TIL

Técnicas/os de Inserción Laboral

RELUVOL

Rede Lucense de Voluntariado

ENTIDADES COLABORADORAS



ENTIDADES FINANCIADORAS



Unión Europea



Concello de Lugo



DEPUTACIÓN DE LUGO

Fundación Barrié



Obra Social "la Caixa"

ALIADAS



Dentro desta área ofrécese atención a **mulleres vítimas de violencia de xénero** nas súas múltiples manifestacións (física, psicolóxica, sexual, económica, institucional e social) dando unha **resposta integral**.

Dentro do programa cóntase con dúas liñas dirixidas a:

- ♦ **Mulleres en situacións de vulnerabilidade:** atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou mulleres inmigrantes en situación administrativa irregular.

Aliad ofrece un recurso integral de apoio e acompañamento a mulleres ao longo de itinerarios individualizados e flexibles atendendo as necesidades básicas, atención social, psicolóxica, sanitaria, orientación laboral e asesoramento xurídico.

- ♦ **Mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual,** trabállase nos espazos de exercicio da prostitución e dando atención e cobertura integral ás mulleres, ofrecendo aloxamento e atención especializada de carácter xurídico, social, psicolóxico, sociosanitario e de orientación laboral.

PROGRAMA SENLLEIRAS

Atención a **mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade** e/ou **vítimas de violencia de xénero**.

Traballamos a través de **itinerarios integrais** con atención e acompañamento social, psicológico, xurídico, sanitario e laboral. A finalidade do programa é fortalecer nas mulleres as súas ferramentas persoais, psicolóxicas, laborais e educativas que axuden a superar a súa situación de vulnerabilidade, iniciar o seu proceso de reparación e proxecto de vida e crear un espazo de participación na procura da igualdade en diferentes eidos da vida.



129 MULLERES
ATENDIDAS 55 CON
ITINERARIO



529 ATENCIÓNS
SOCIAIS E
ACOMPANHAMENTOS



ATENCIÓN PSICOLÓGICA A
13 MULLERES



ORIENTACIÓN LABORAL
A 26 MULLERES CON 159
INTERVENCIÓNS



ASESORAMENTO XURÍDICO
A 96 MULLERES



80 INTERVENCIÓNS
GRUPAIS E 13
MEDIACIÓNS

Programa financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia.

PROGRAMA DONAS


PROGRAMA ATENCIÓN INTEGRAL VÍTIMAS TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

Desde o ano 2010 véñse traballando para abordar unha das formas máis invisibilizadas de violencia de xénero: **a trata e/ou explotación sexual**, centrando a acción na defensa dos dereitos das mulleres vítimas desta violencia machista e a sensibilización á sociedade.

Traballamos a través de **itinerarios integrais** con atención e acompañamento social, psicológico, xurídico, sanitario e laboral, ofrecendo os servizos detallados dentro do Programa Donas.



**ATENDEMOS A 95
MULLERES, 7 MULLERES
TRANS E 4 HOMES EN
SITUACIÓN EXPLOTACIÓN
SEXUAL**



**REALIZAMOS MÁIS DE
1289
ACTUACIÓNS
SOCIAIS**



**REALIZAMOS 298
ASISTENCIAS
XURÍDICAS**



**115 ATENCIÓNES
PSICOLÓXICA**



**213 ACTUACIÓNES DE
ORIENTACIÓN
LABORAL**

Programa financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia.

PROGRAMA TECENDO FUTURO

o traballo cun itinerario individualizado complementábase con accións de traballo grupal, de carácter formativo, de participación e de creación de vínculos sociais. Trátase dunha formación dirixida a mulleres que sufriron ao longo da súa vida algunha violencia machista, incluída a explotación sexual.

Centrado na fortalecemento de habilidades e na procura de emprego. Responde a unha demanda das mulleres, reforzando o seu itinerario con actividades psicoeducativas que melloren o seu autocoñecemento, reforce a súa autoestima, rescate e poña en marcha as súas capacidades e fortalezas e mellore as súas estratexias de comunicación e habilidades. Ademais realizáronse actividades de sensibilización da poboación a través das novas tecnoloxías, accións de rúa e participación en foros e formacións.

Neste ano 2024 traballamos aspectos como **coñecemento persoal**, **cohesión grupal**, **habilidades sociais**, **autocoidado**, a **autoestima**, **identificación e manexo de emocións** e a **orientación laboral** de cara a mellorar as súas ferramentas para a incorporación sociolaboral. Foron 45 horas de formación.

Programa financiado pola Deputación de Lugo



**CURSO “TECENDO
FUTURO”
PARTICIPARON 10
MULLERES**

TALLERES SANITARIOS E INFORMACIÓN SOBRE VIH PARA MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL E MULLERES QUE EXERCEN A PROSTITUCIÓN

Realizáronse durante o ano 2025:

- **Talleres sanitarios**, sobre o VIH, ITS e o papiloma humano, dentro dos clubs (20), pisos (10) e no barrio da Tinería (3 visitas) onde se atopan as mulleres en prostitución.
- Reparto de **preservativos** e de folletos informativos, tanto no local de Aliad Ultreia como durante as visitas.
- **Proba rápida do VIH e de VHC (hepatites C)**. Somos un centro colaborador coa Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública (DXIXSP) e contamos no noso local coa infraestrutura e as profesionais axeitadas para a realización da proba rápida reactiva e para dar un consello asistido pre e post-proba.
- **Atención Social e mediación socio-sanitaria** para a realización de probas de ITS e probas xinecolóxicas.
- **Acompañamento sanitario e recollida de medicación** en casos de VIH.

Este proxecto está financiado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia



6

**ACOMPÑAMENTOS
SANITARIOS**



**PARTICIPACIÓN DE
228 MULLERES E 2
HOMES EN SITUACIÓN
PROSTITUCIÓN**



**12 PROBAS
RÁPIDAS DO
VIH**

CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL OU QUE SE ATOPEN EN RISCO DE SELO



**CASA DE
ACOLLIDA
MULLERES
VÍTIMAS
EXPLOTACIÓN
SEXUAL**



**5 PRAZAS
INCLUINDO
FILLAS/OS**

Contamos cunha vivenda dirixida a **mulleres e as súas crianzas** que, tras abandonar a **situación de prostitución e/ou explotación sexual**, precisan dun período de restablecemento e redeseño do seu proxecto persoal e da súa posta en marcha.

Préstase especial atención ás mulleres inmigrantes, principais vítimas destes delitos, cunha situación de maior vulnerabilidade debido á falta de redes sociais e descoñecemento dos servizos e contexto, ao ser o sustento económico da súa familia en orixe, a súa situación administrativa irregular...

Este recurso está vencellado aos demais programas e servizos que levamos a cabo, así ás mulleres que se atopan na casa tamén desenvolven un itinerario, podendo ter atención social, xurídica, psicolóxica, orientación laboral e acompañamento durante a etapa de restablecemento.

Durante o ano 2025 residiron na casa 5 mulleres e dous menores (fillos/as usuarias).

Vivenda financiada pola Consellería de Política Social e Igualdade

PROXECTO COMPROMETIDAS - APOIO ÁS VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL

A finalidade destas axudas económicas de emerxencia foi dar apoio de emerxencia ás vítimas de trata e/ou explotación sexual, para cubrir necesidades básicas e puntuais de aloxamento, alimentación e hixiénico-sanitarias nos casos de urxente desamparo.

Atendeuse a mulleres en situación de prostitución e/ou explotación sexual que actualmente non estivesen cobrando ningunha axuda e/ou estiveran en situación administrativa irregular e non puideran acceder a estes dereitos.

Destas axudas, case a inmensa maioría destinouse a alimentación e produtos de hixiene e limpeza, despois ao pago de aluguer, e o resto a cubrir facturas de suministros e outras necesidades básicas.

Mais aló desta finalidade urxente de cubrir as súas necesidades básicas, buscouse dar unha atención máis completa, tratando de mellorar a súa situación cunha atención integral, axudándoas a acceder aos seus dereitos sociais. Todas elas tiveron acceso a atención social, xurídica, psicolóxica, orientación laboral e sanitaria ou foron derivadas a outros servizos especializados para atender as súas demandas. Realizáronse:

- ♦ Entrevista de recollida de datos e valoración da súa situación social.
- ♦ Coordinación coas traballadoras sociais para tramitar e solicitar axudas, evitando duplicar e creando sinerxías na atención.
- ♦ Entrega de axudas económicas.
- ♦ Seguimento e atención integral e/ou derivación a outros servizos.



**ATENCIÓN A 25
MULLERES, 3
HOMES E 3
MULLERES TRANS
EN PROSTITUCIÓN**



**78 AXUDAS DE
EMERXENCIA**

Convenio financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia.

PROGRAMA DE DETECCIÓN E RESTABLECEMENTO DE MULLERES PROSTITUÍDAS, VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL CON PROBLEMÁTICAS DE SAÚDE MENTAL E/OU ADICCIÓNS.

Durante o ano 2025 seguiuuse desenvolvendo:

- Coordinacións con profesionais do eido sanitario para a mellora da detección e derivación de mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual.
- Difusión e feedback da ferramenta on line de detección e derivación en caso de vítimas de trata e/ou explotación sexual recollida na páxina web: www.saudealiadas.com
- Formacións a profesionais dos 5 centros de crise sobre a ferramenta e a mellora na detección e derivación de mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual,
- Creación dun protocolo de boas prácticas profesionais a hora de intervir con mulleres prostituídas,
- Mellora e actualización da web como referente para derivación e coordinación: www.saudealiadas.com
- Deseño tríptico sobre detección vítimas de trata e/ou explotación sexual e protocolo de derivación no eido sanitario,
- Elaboración de 4 pículas formativas en vídeo colgadas na web www.saudealiadas.com en materia trata e/ou explotación sexual, como sistema de formación continua a profesionais de atención.

- Implementación do *proxecto de centro con vítimas*. Desenvolvemos actividades que acompañen e melloren o proceso de restablecemento das mulleres. Durante este ano 2025 levamos a cabo:
 - Curso “**Tecendo Futuro**” de desenvolvemento persoal, no que abordamos distintos temas de autocoidado, autoestima, cohesión grupal, habilidades sociais, afectividade... a través de 25 sesións.
 - Curso “**Coidándonos**” durante o verán, dous talleres semanais durante meses de xullo e agosto, que busca incidir no benestar, crear redes sociais e o desfrute do tempo libre das mulleres: ioga, baile, manualidades, deporte, excursións...

Dentro deste ámbito tamén iniciamos un proceso de formación e revisión profunda do noso traballo como entidade, de cara a mellorar a atención e resposta na nosa intervención con mulleres con trauma derivado destas vivencias. Neste senso, a asociación de mulleres maias ‘Kaqla’, coas que viñamos colaborando desde fai dous anos, fai un proceso diagnóstico coas profesionais da entidade coa finalidade de realizar un informe de propostas para mellorar a nosa abordaxe do trauma con mulleres tendo en conta unha perspectiva multicultural, como paso previo para a mellora das ferramentas en todos os eidos do noso traballo.

Proxecto financiado pola Consellería de Sanidade no marco das subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter socio-sanitario no ámbito dos trastornos mentais.

PROGRAMA DE DETECCIÓN E RESTABLECEMENTO DE MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL.

1. Formar ao persoal do Imelga e a Oficina de Atención ás Víctimas. Formación sobre a realidade da trata e/ou explotación sexual e ferramentas de detección e intervención. Levouse a cabo os días 22 e 23 de setembro en dúas sesións online onde participaron 23 persoas de estas dúas institucións. As valoracións do contido e a temática foron moi positivas.

2. Realización dunha xornada de traballo paralela á XIV Xornada da rede Galega contra a Trata con fins de explotación sexual.

A xornada titulada ***‘A vítima no centro: Proceso de detección, identificación formal e regularización en casos de trata e/ou explotación sexual’*** realizouse o día 16 de outubro en horario de mañá e tarde. Foi unha xornada interdisciplinar con tódolos axentes sociais implicados no proceso de atención ás vítimas de trata e/ou explotación sexual, para coñecer de primeira man a súa visión sobre algúns dos aspectos que nos parecen clave no traballo coas vítimas, (a detección e identificación da vítima, a investigación xudicial, o axuízamento, o impacto na vítima en todo o proceso ou a asistencia ás vítimas desde a súa detección)

Inscribíronse 114 profesionais vinculados a loita contra a trata e/ou explotación ou a atención as vítimas. Estes son algúns perfís: policía locais, autonómicos e nacionais, garda civil, equipo de estranxeiría, servizos de familia e menores, IMELGA, ONGs, CIMs, avogacía, fiscalía, xudicatura, administración estatal e autonómica.

As valoracións das xornadas foron valoradas moi positivamente en todos os aspectos (metodoloxía, poñentes, temática...)

Intervención con vítimas de trata e explotación sexual

1ª sesión o 22 de setembro 9:00-11:30

- Comprensión do fenómeno da trata e impacto nas vítimas.
Tania Corrás Vázquez. Psicóloga xurídico forense.
- El mercado de la prostitución: nuevas estrategias de captación, explotación y difusión. Lluís Ballester. Doctor en Sociología e traballador social.

2ª sesión o 23 de setembro 9:00-11:30

- Prostitución e mecanismos de seducción e captación de menores.
David Santos Velado. Diaconía
- Presentación de ferramentas de traballo. A vítima no proceso xudicial: casos prácticos e preguntas.
Tania Corrás Vázquez. Psicóloga xurídico forense.

Link inscrición previa

Enlace formación 1ª sesión
Luns 22 de setembro de 9:00 a 11:30

Enlace formación 2ª sesión
Martes 23 de setembro de 9:00 a 11:30

XUNTA DE GALICIA

Aliad Ultra

identificado nos propios mozos e mozas xa que, en case todos os colexios, sobre todo as rapazas, contaban situacións de contactos non desexados, de mensaxes privados de persoas descoñecidas e algunha táctica de contacto con elas. Ambos, rapaces e rapazas tamén recoñecían ter visto vídeos que normalizaban relacións de explotación sexual (Sugar Daddy, OnlyFans...)

4. Finalización da ferramenta de detección de menores vítimas de explotación sexual.

Revisión e finalización da ferramenta de detección adaptada aos menores e a súa realidade, actualización de indicadores na detección de menores en diversos ámbitos de intervención (familiar, social, escolar, social...) con menores, así como avaliación do nivel de risco.

Esta ferramenta será compartida coas equipas de menores para a súa validación e propostas de mellora da mesma.

5. Mellorar a base de datos de recollida de información de mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual e outras violencias machistas

Esta base de datos foi creada para mellorar a intervención e o proceso de recuperación das vítimas, podendo dispoñer dunha ferramenta que recolla datos sobre a situación (legal, social, laboral, familiar, sanitaria...) das mulleres coas que traballamos e que nos permitise rexistralos e analizalos dun xeito máis doado. Isto permite deseñar e traballar un itinerario completo e adaptado as necesidades de cada muller, así como para coñecer o cambio nas dinámicas e perfís das mulleres vítimas de trata e ou explotación sexual e adaptar a nosa intervención e a incidencia a estas novas realidades.

Convenio financiado pola Consellería de Igualdade e Política Social da Xunta de Galicia

PROGRAMA BRAVAS

Programa de atención e asesoramento xurídico e orientación laboral a mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade no ámbito laboral: explotación laboral, discriminación, precariedade ou economía sumerxida coa finalidade de mellorar as súas condicións de accso e calidade do traballo e garantir os seus dereitos e acceso a un emprego digno.

- Acollida e recollida da demanda realizada e detección de situacións abusivas,
- Diagnose sociolaboral e itinerarios formativos e laborais.
- Coordinación coas outras entidades e servizos públicos e privados.
- Asesoramento xurídico,
- Obradoiros de formación prelaboral.
- Difusión da guía contra a explotación laboral e información sobre dereitos laborais.



**ATENCIÓN A
81 MULLERES**



**298 ASISTENCIAS
XURÍDICAS**



**192 ACTUACIÓN
SOCIO-LABORAIS**

Programa financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade na convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á Promoción da Igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades

ATENCIÓN A PERSOAS RECLUSAS E EX-RECLUSAS



PROGRAMA PREPARADOS, LISTOS, XA!

Ofrece o recurso dunha vivenda para o desfrute dos permisos penais e/ou primeiros días de liberdade. As destinatarias son **homes e mulleres presas** nos **Centros Penais de Bonxe e Monterroso**.

A finalidade é tutelar e acompañar a persoas con problemas de drogodependencias ou con falta de redes de apoio ao longo dun itinerario que persigue organizar, planificar e orientar o desfrute dos permisos de saída penais e os primeiros momentos en liberdade.

Realízase con cada persoa un **itinerario integral individualizado**: atención social, asesoramento legal, acompañamento a recursos e actividades de lecer saudable, mediación familiar e social...

Programa financiado pola Deputación de Lugo e a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través dos programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF.



**PISO PARA
DESFROUTE
PERMISOS
PENAI**



**21 PERSONAS DE
PERMISO (20 HOMES
E 1 MULLER).
48 PERSONAS
VINCULADAS.**



**186 DÍAS PISO
OCUPADO EN
53 PERMISOS**



**21 ACTIVIDADES
ORIENTADAS A
TRABALLAR
HABILIDADES E
DESTREZAS**



**125
ENTREVISTAS**



**14 MEDIACIÓN E
ACOMPÑAMENTOS
RECURSOS SOCIAIS E
6 ACOMPÑAMENTOS
NO TEMPO LIBRE**

PROGRAMA MAS SOCIAL

Durante 2025 contamos coa subvención da *Fundación Barrié* para a “Mellora das instalacións da entidade e do piso de inclusión para permisos e primeiros días de liberdade, mellorando o mobiliario e a eficiencia enerxética de ambos espazos.

PROGRAMA PASO A PASO



PRISIÓN DE
BONXE E
MONTERROSO

O programa desenvólvese con **persoas reclusas do Centro Penal de Bonxe e do de Monterroso** que disten da liberdade entre 0 e 2 anos e teñan posibilidades de permanencia en España unha vez saian en liberdade. Tamén son potenciais beneficiarias as persoas ex reclusas e as que saen da cadea e necesitan atención nos primeiros momentos de liberdade.



ATENCIÓN A
44 PERSOAS
(36 HOMES E 8
MULLERES)

A finalidade é que as persoas reclusas e/ou ex reclusas melloren, mediante o desenvolvemento dun **proxecto de inclusión social e/ou socio laboral personalizado**, as súas capacidades persoais de cara á súa empregabilidade e inclusión social.

Por medio do deseño coa persoa dun itinerario individualizado faise seguimento e atención nos diferentes ámbitos: mediación social, orientación social e laboral, apoio socioeducativo, apoio psicológico, asesoramento xurídico, accións socioeducativas coas familias, acompañamento social (recursos, tratamentos), formación e adquisición de habilidades para o emprego...

Este programa está financiado pola Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

PROGRAMA DE PREPARACIÓN Á LIBERDADE

Dirixido ás persoas reclusas nos Centros Penais de Monterroso e Bonxe. A finalidade é preparar a vida en liberdade, traballando cara unha autonomía persoal e social, mediante a realización de obradoiros grupais e actuacións individuais.

Obradoiros grupais:

- Habilidades sociais e cohesión grupal
- Autoestima
- Xestión de emocións e autocontrol
- Orientación laboral
- Xestións de emocións
- Igualdade de xénero
- Recursos sociais e comunitarios
- Introducción á xustiza restaurativa

Actuacións individuais: realízanse, de forma complementaria, asesoramento social, familiar, xurídico, laboral e acompañamentos en todos este eidos.

Estas actividades foron subvencionadas polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social na subvención do IRPF nacional a través da Unión de Asociacións e Entidades de Atención ao Drogodependente (UNAD)



**PRISIÓN DE
MONTERROSO
E BONXE**



**39 USUARIOS
ACUDIRON Á
TALLERES
GRUPAIS**

PLAN DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL EN PRISIÓN

O Plan de Animación Sociocultural busca ser unha experiencia real de participación comunitaria no Centro Penal de Monterroso. Este proceso arrancou o ano 2015 desenvolvendo varias liñas de traballo. Podedes coñecer máis sobre este proceso na nosa páxina: [Plan de Animación Sociocultural en prisión | España | Educación Social \(ascprision.es\)](http://ascprision.es)



Durante o 2025 desenvolveronse algunhas actividades de continuidade:


- **Radio comunitaria “LibreMente”:** radio comunitaria creada e levada a cabo por persoas presas. Durante este ano 2024 seguiu acompañando na creación de contidos e emisión dos podcasts e programas desta radio. Podedes descarga e escoitar os programas no enlace https://www.ivoox.com/escuchar-podcast-libremente_nq_478572_1.html
- **Rede Galega de Educacións en Prisión (REGAEP):** ademais das reunións periódicas para afianzar e avanzar no traballo coordinado das entidades que conforman a rede, realizouse unha xornada sobre Voluntariado Penitenciario

♦ **Aulas Abertas:** realizáronse numerosos encontros, un cada mes, con persoas de diferentes áreas para achegar diferentes realidades e debates ás persoas internas do CP Monterroso. Este ano esta actividade vinculouse coa actividade da radio, procurando que as persoas que participan nas Aulas tamén sexan entrevistadas polas persoas que dinamizan a radio.



- **Actividades deportivas de verán:** as actividades relacionadas co deporte e durante os meses de verán son moi solicitadas e son unha ferramenta moi positiva para as persoas presas.
- **Taller de teatro:** tivo lugar un obradoiro onde se achegou o teatro as persoas presas, unha actividade que é moi valorada.
- **Taller de percusión:** participaron 15 homes da prisión de Monterroso

Nestas actividades, as persoas voluntarias teñen un papel moi importante para o desenvolvemento das mesmas.



Estas actividades foron financiadas pola Fundación La Caixa a través da súas convocatorias sociais

ATENCIÓN A PERSONAS CON TRASTORNOS ADITIVOS



PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL

Dirixido a **persoas drogodependentes** con **procesos xudiciais pendentes**



**ATENDEMOS A
237 PERSOAS
(205 HOMES E
32 MULLERES)**

- ♦ Apoio e asesoramento no seguimento de todo o proceso xudicial;
- ♦ Facendo fincapé en que conste acreditada en sentenza a toxicomanía de cara a solicitar alternativas á prisión, e mesmo a solicitude das distintas alternativas se é o caso;
- ♦ Incidindo na proposta de alternativas á prisión (situación preventiva) así como a derivación a recursos de tratamento no exterior (persoas penadas);
- ♦ No caso das persoas penadas e con medidas alternativas (suspensións ou substitucións de condena) facilitamos o cumprimento destas na nosa entidade (Traballos en Beneficio da Comunidade- TBC, seguimento de suspensións de condena).

Coas persoas que compren condena na cadea, damos cobertura tamén a cuestións relacionadas co Réxime Disciplinario Penal, realizando asesoramento xurídico, xestións e escritos.

Este programa está financiado dende o Servizo Galego de Saúde, da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia

PROGRAMA CONTIGO


Programa de **acompañamento a persoas no ámbito social, sanitario, laboral, educativo, administrativo e legal**

Búscase promover, dende a autonomía, as persoas con dificultades de comprensión, situacións incapacitantes, con problemáticas de saúde ou con situacións que poden xerar ansiedade.

Este acompañamento busca fortalecer as habilidades e destrezas das persoas, facendo un traballo previo práctico para dar seguridade que lles poidan axudar a superar dificultades iniciais ao facer trámites, xestións e procesos burocráticos.



**ACOMPANAMOS
A 62 PERSOAS**



**REALIZÁRONSE 129
ACOMPANAMENTOS**

Este programa está financiado polo Concello de Lugo

SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA POLÍTICA



ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN

Este ámbito é fundamental no accionar da entidade, entendendo a intervención como un continuo que debe incidir nas causas das problemáticas coas que traballamos. Buscamos fomentar a **sensibilización**, a **participación cidadá**, e **incidencia social** en relación a temas invisibilizados.



Esta área conta cunha forte presenza do **voluntariado** da entidade, que participa dende o inicio, dende as labores de planificación das campañas ata á mobilización social.

Día Internacional das Mulleres 8M e Día internacional contra a violencia de xénero (25 Novembro).

Ao longo do ano, facemos campañas e accións de rúas en datas sinaladas. Temos unha presenza constante nas redes sociais onde compartimos todos os materiais de sensibilización e incidencia.

Levamos a cabo formacións e encontros con entidades e centros formativos (formais e informais) onde achegamos a realidade da prostitución e as novas formas de explotación sexual, mostrando o que vemos no noso traballo diario e nas visitas aos clubs e pisos. Durante este ano 2025, expuxemos a campaña “**Que hai detrás da prostitución?**” na **Facultade de Ciencias da Educación da UDC** durante dúas semanas, onde a puideron visitar todo o alumnado da facultade. Esta

exposición a través de preguntas interpelativas cuestiona os mitos que normalizan a prostitución, trata e/ou explotación sexual. A universidade para nós sempre é un espazo prioritario para xerar debate e poñer este tema na axenda de análise dos e das futuras profesionais, neste caso, da educación social. Tamén participamos nunha charla a estudantes de terceiro desta facultade, onde compartimos os nosos programas, a nosa forma de traballar así como a nosa labor de sensibilización e incidencia, compartindo as nosas accións e enfoque.

Tamén desenvolvemos formación as e os estudantes do Certificado en Igualdade de Xénero do SEPE no Centro de Formación RAFER en Lugo.

Seguimos actualizando a páxina www.igualdade.es, onde recollemos materiais e documentos para traballar e achegar información e dinámicas para abordar a trata e a explotación sexual, prostitución e as novas formas de explotación sexual.

Esta actividade está financiada polo Convenio coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e Aliad Ulteia para o desenvolvemento de accións de información, prevención e sensibilización en materia de violencia sexual, trata con fins de explotación sexual e explotación sexual, así como de apoio ás súas vítimas, preferentemente entre mulleres inmigrantes, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dende Aliad levamos máis de 10 anos impartindo **obradoiros con mocidade** para falar sobre prostitución, trata e explotación sexual, unhas das violencias machistas máis invisibilizadas que convive con nós a diario. Esta labor é fundamental para nós, máis aínda cando a problemática adquiriu unha nova dimensión na última década coas redes sociais e outras plataformas de internet que favoreceron a aparición de novas mafias e novas formas de explotación sexual de mulleres no mundo virtual. Isto afecta de maneira moi directa a mocidade, nativos dixitais para os que estes espazos forman parte da súa realidade e a súa socialización. Así a súa educación en relación coa sexualidade e a súa vivencia dela vese influída de forma directa pola normalización da cosificación do corpo das mulleres, a pornografía ou prostitución. Ademais convértense en obxectivos potenciais tanto como demandantes deste contido (rapaces) coma obxectos desta explotación (rapazas e rapaces).

OBRADOIROS FADAS (Federación de Asociaciones de Ámbito Social de Lugo)



**433 MOZAS E
MOZOS
PARTICIPARON NOS
OBRADOIROS**

Neste novo escenario de novas formas de explotación sexual nas redes sociais con novas estratexias de captación a través de plataformas online como TikTok, Instagram, Onlyfans, videoxogos en liña, Snapchat e Whatsapp entre outras, é onde levamos a cabo formación en institutos e colexios a través da convocatoria que fai FADAS co seu proxecto ***"Un mundo mellor para as nosas crianzas"***, participando 59 rapazas e 49 rapaces (108) este ano 2025 en 3 IES da provincia.

Ademais, como xa apuntamos levamos a cabo o obradoiro “Conectad@s” no que participaron 237 rapaces e rapazas de 9 centros: 4 en A Coruña, 3 en Pontevedra, 2 en Ourense e un en Lugo.

Tamén tivemos obradoiros con un instituto da cidade de Lugo que nos solicitou un obradoiro co alumnado de BAC e con rapazas do CIEMA de Lugo.

Dentro do Plan Proxecta “365 días de Igualdade”, da Consellería de Educación, e como entidade parte da Rede Galega contra a Trata Sexual impartimos, conxuntamente con Cáritas Lugo, o obradoiro **“A nova escravitude do século XXI: a trata e a explotación sexual”** en 3 IES da provincia de Lugo, participando 65 mozos e mozas.

Trátase un obradoiro de traballo grupal e debate empregando como material de traballo os paneis da exposición “Que hai detrás da prostitución?” elaborada conxuntamente pola Rede Galega contra a Trata Sexual, nos que se traballa e debaten os mitos e a realidade que hai detrás dos diferentes ámbitos da prostitución (RRSS, puteiros, mafias, sistema prostituínte...) implicando as rapazas e rapaces na reflexión e debate a través de preguntas interpelativas.



AS NOSAS REDES SOCIAIS

Temos varias canles para achegarse as nosas actividades ou novas relacionadas coas nosas áreas de traballo:

Web: www.aliad.org

Instagram: [Asociación Aliad Ultreia \(@aliadultreia\)](https://www.instagram.com/aliadultreia) • [Fotos y videos de Instagram](#)

Facebook: [Aliad-Ultreia | Facebook](https://www.facebook.com/aliad-ultreia)



**MAIS DE 40.000
VISITAS NAS NOSAS
REDES SOCIAIS**



**MÁIS DE 1.000
PERSOAS
ACCEDERON AS
ACCIÓNIS**



VOLUNTARIADO



INICIATIVAS DE VOLUNTARIADO

Cóntase con persoas voluntarias que participan enriquecendo o traballo da nosa entidade nas diversas áreas de actuación. Durante este ano 2025 realizáronse as seguintes actividades:

- ♦ **Obradoiro de autocoñecemento e desenvolvemento persoal coas persoas da UTE- Unidade Terapéutica e Educativa;** foi desenvolvida por unha voluntaria.
- ♦ **Acompañamento a permisos penais:** 2 persoas voluntarias
- ♦ **Tenis de mesa durante os permisos:** un voluntario.
- ♦ **Obradoiro conversa inglés:** unha voluntaria que deu clase a 8 persoas.
- ♦ **Apoio escolar:** unha voluntaria que deu clases de apoio a dúas usuarias
- ♦ **Curso Coidándonos:** 5 rapazas voluntarias que desenvolveron diferentes obradoiros
- ♦ **Radio Librementemente:** unha voluntaria fixo acompañamento e apoio nesta actividade
- ♦ **Taller de percusión na prisión de Monterroso:** 8 voluntarios e voluntarias desenvolveron este obradoiro
- ♦ **Sistematización do traballo desenvolto no curso Tecendo Futuro:** unha voluntaria.

Formación “Realidade e propostas para a captación de voluntariado na mocidade”

Xornada centrada na mocidade e como crear propostas atraentes dende as entidades con voluntariado, crear un espazo de reflexión e comprensión da realidade actual da mocidade (inquietudes, necesidades e intereses e como motivalos de cara a súa participación social

Estaba dirixida as entidades con voluntariado e tivo un traballo posterior de análise e propostas entre as organizacións, participaron 13 persoas vinculadas as áreas de voluntariado.

Páxina web voluntariado onde recollemos todas as iniciativas e propostas que levamos a cabo no marco do Plan de Animación Sociocultural www.ascprision.com do Plan de Animación Sociocultural.

Esta actividade está financiada pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través das subvencións para voluntariado xeral, voluntariado xuvenil e voluntariado sénior.

CUOTA PERSOAS SOCIAS

Contamos con 69 persoas socias que mediante a súa cota anual nos apoian e participan das actividades que levamos a cabo.

<https://www.aliad.org/hazte-socio-socia/>

Ofrecemos **acompañamento individualizado e integral**, respectuoso cos tempos da persoa, a través dos seguintes servizos:

Atención social e educativa

Apoiando nos trámites administrativos e de axudas, no acceso a recursos sociais, na relación coas familias, etc.

Asesoramento xurídico

Sobre dereitos e deberes, así como para a tramitación de procedementos.

Atención sanitaria

No acceso á asistencia médica, obradoiros formativos, proba rápida de VIH e métodos de protección de infección de transmisión sexual.

Atención psicolóxica

Para abordar aspectos emocionais, relacionais e de conduta, así como a motivación cara o cambio.

Orientación laboral


Atención individualizada na busca e mantemento de emprego.

Obradoiros grupais

No traballo en habilidades sociais e desenvolvemento persoal, de cara a inclusión social e laboral.

Recursos residenciais

Cunha vivenda para permisos penais e outra para muller vítima de trata e/ou explotación sexual.



Unha equipa profesional e especializada atenderá de forma integral as túas necesidades e dereitos.

Contamos tamén coa participación voluntaria de persoas implicadas que colaboran cos nosos programas e impulsan os seus propios proxectos e iniciativas.

O noso compromiso co cambio social lévanos a realizar accións educativas e de sensibilización en diferentes lugares (centros educativos, concellos, espazos profesionais, etc.), na procura dunha sociedade xusta, garante de dereitos e feminista.

Colabora!

DATOS PERSOAIS

Nome:
Apelidos:
DNI/CIF:
Enderezo:
CP:
Provincia:

CUOTA

- ☐ 15 €/ano (cuota mínima)
☐ 30€/ano
☐ 60 €/ano
☐ 120 €/ano
☐ outro importe: _____ €/ano

FORMA DE PAGO



Domiciliación bancaria

ES _ _ _ _ _

Sinatura:


Aliad Ulteira está recoñecida coa Declaración de Utilidade Pública e acollida a lei 49/2002 de incentivos fiscais ao mecenazgo.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais, así como o Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 informase de que os datos persoais que suministre pasarán a ser tratados pola Asociación Aliad Ulteira, empregados para a relación descrita neste documento. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dirixíndose á entidade responsable do tratamento: Aliad Ulteira, rúa Milagrosa, 99-101, Lugo.


AS CONTAS CLARAS



INGRESOS 2025	
464.409,39	AXUDAS PÚBLICAS
42.153,00	AXUDAS PRIVADAS
6.537,62	DOAZÓNS
3.410,00	COTA SOCIOS/AS
17.686,28	OUTROS INGRESOS
534.196,29	TOTAL



GASTOS 2025	
PERSONAL	373.674,05
GASTOS XERAIS DA ENTIDADE (Suministros, alimentación, alugueres, limpeza, comunidades,...)	90.527,31
AXUDAS (Becas de formación e axudas a persoas usuarias)	15.204,88
GASTOS FINANCIERIOS	1.304,19
Amortizacións de inmovilizado	9.210,18
TOTAL	489.920,61



RESULTADO EJERCICIO 2025: 44.275,68



Rúa Milagrosa 99, C.P.:27003, Lugo

982 251 948 - 655 395 940

info@aliad.org

www.aliad.org



Aliad-Ultreia



@aliadultreia